

**Convocatoria ordinaria 2026  
EMPRESA Y DISEÑO  
DE MODELOS DE NEGOCIO**

El examen consta de **4 preguntas de respuesta obligatoria**, de 2,5 puntos cada una: la primera sin apartados optativos y las tres siguientes con posibilidad de elección entre subapartados.

**PREGUNTA 1. VALORACIÓN DE EXISTENCIAS. (2,5 puntos)**

Está trabajando en el departamento financiero de una empresa con sede en Galicia que se dedica a la comercialización de café en grano. Las existencias disponibles a 1 de marzo son 500 kilos valorados a 10 euros/kilo. A lo largo del mes de marzo realiza las siguientes operaciones: el 5 de marzo compra 700 kilos a 12 euros/kilo; el 10 de marzo vende 650 kilos por 17 euros/kilo; el 16 de marzo compra 900 kilos a 15 euros/kilo y el 30 de marzo vende 850 kilos por 20 euros/kilo.

Tiene que realizar la valoración de las existencias, resolviendo estos **tres apartados**:

- 1.1.** Elabore la ficha de almacén aplicando el método FIFO **(1 punto)**.
- 1.2** Elabore la ficha de almacén aplicando el método del Precio Medio Ponderado **(1punto)**.
- 1.3** Teniendo en cuenta la variación de los precios, ¿qué método considera más idóneo? Razone la respuesta. **(0,5 puntos)**.

**PREGUNTA 2. BALANCE. (2,5 puntos)**

Está trabajando en una entidad financiera y debe analizar la viabilidad económica y financiera de una pequeña empresa que solicita un préstamo. Para ello, la empresa le facilita la siguiente información sobre los elementos que componen su patrimonio:

Proveedores: 75.000€	Bancos: 16.000€	Propiedad industrial: 35.000€
Clientes: 48.000€	Materias primas: 56.000€	Terrenos: 180.000€
Reservas: 120.000€	Maquinaria: 75.000€	Efectos a pagar a largo plazo: 92.000€

Para realizar su análisis, se le pide que responda estos **dos apartados**:

- 2.1.** Clasifique el balance en masas patrimoniales y calcule la cifra de capital. **(1 punto)**
- 2.2.** Responda uno de estos dos subapartados:
  - 2.2.1.** Determine el fondo de maniobra de dos formas distintas y comente los resultados. **(1, 5 puntos)**
  - 2.2.2.** Calcule la ratio de autonomía financiera,  $A = \text{recursos propios} / (\text{pasivo corriente} + \text{pasivo no corriente})$ , y la rentabilidad financiera, teniendo en cuenta que el beneficio neto obtenido en el ejercicio es de 19.440€. Comente los resultados. **(1, 5 puntos)**

**Convocatoria ordinaria 2026**  
**EMPRESA Y DISEÑO**  
**DE MODELOS DE NEGOCIO**

**PREGUNTA 3. EMPRESA Y ENTORNO (2,5 puntos).**

Suponga que es un analista de inversiones y está haciendo un informe de una empresa de seguros denominada SEGUROS ALFA, S.A., que en los últimos meses ha experimentado un fuerte incremento de la cotización de sus acciones en Bolsa. La empresa cuenta con 24.000 empleados, más de 3.000 oficinas en distintos países con planes de seguir esta expansión internacional. El sector asegurador se enfrenta a nuevos riesgos como el climático, el geopolítico y el de ciberseguridad. En el ámbito tecnológico, la inteligencia artificial y la digitalización está transformando el sector asegurador. Asimismo, la actividad está sujeta a una estricta y cambiante regulación en materia de solvencia, protección de datos y defensa del consumidor. En este contexto, la empresa ha mantenido resultados positivos y ha convertido los nuevos riesgos en oportunidades, siendo pionera en seguros de ciberseguridad. Asimismo, realiza una apuesta por los seguros de salud, al detectar un aumento de la preocupación por este tema, ampliando su oferta y adquiriendo centros hospitalarios para ofrecer una cobertura integral. También ofrecen productos adaptados a cambios normativos, como seguros de perros y de patinetes eléctricos. En el aspecto tecnológico hizo una fuerte inversión para incorporar la inteligencia artificial y facilitar la contratación online. Para afrontar estos retos, necesita personal altamente cualificado, por lo que ofrece remuneraciones atractivas y colabora con instituciones educativas para su formación.

**3.1.** Clasifique la empresa según los siguientes criterios: propiedad del capital, actividad, tamaño y zona geográfica. **(1 punto)**

**3.2.** Responda uno de estos dos subapartados:

**3.2.1.** Identifique la forma jurídica de la empresa, defínala y señale dos de sus características. **(1,5 puntos)**

**3.2.2.** Explique que es el contexto empresarial general y específico e identifique en el texto un ejemplo de cada uno. **(1,5 puntos)**

**PREGUNTA 4. EL MODELO DE NEGOCIO Y DE GESTIÓN (2,5 puntos).**

Está buscando una empresa que le suministre café de calidad para su consumo diario y se encuentra con CAFECALIDAD, S.L., que se dedica a la venta de café de especialidad, en grano y tostado, mediante un modelo de suscripción online. La empresa compra el café directamente a pequeñas cooperativas de productores en los países de origen, lo tuesta en sus propias instalaciones utilizando máquinas automáticas de desarrollo propio y lo envía directamente a los clientes finales. El proceso productivo permite a la empresa eliminar intermediarios, lo que reduce en un 60% los costes y mejora el control sobre la calidad del producto. Para comercializar el café, la empresa utiliza una plataforma online, desde la que los clientes pueden contratar la suscripción, eligiendo la variedad de café y programando las entregas. La flexibilidad del servicio y la calidad del producto son los principales elementos para atraer y mantener a los clientes. La suscripción se puede cancelar en cualquier momento, salvo que compren una máquina de café automática a un precio muy rebajado, lo que exigiría una suscripción de un año. En el entorno laboral, en la empresa hay una presencia paritaria de hombres y mujeres en los puestos directivos, se garantiza la promoción interna basada en méritos, se adaptaron puestos de trabajos a empleados con discapacidad, los trabajadores tienen flexibilidad en horarios de entrada y salida y existe la adaptación de la jornada para el caso de trabajadores que tienen a su cuidado menores o personas dependientes.

**4.1.** Explique en que consiste la función de producción e identifique en el texto uno de los factores de producción y el producto de esta empresa. **(1 punto)**

**4.2.** Responda a uno de estos dos subapartados:

**4.2.1** En el ámbito de la función comercial defina la propuesta de valor e identifique en el texto la de esta empresa. **(1,5 puntos)**

**4.2.2** Defina las políticas de igualdad e inclusión e identifique en el texto dos medidas adoptadas por la empresa. **(1,5 puntos)**

**Convocatoria ordinaria 2026  
EMPRESA E DESEÑO  
DE MODELOS DE NEGOCIO**

O exame consta de **4 preguntas de resposta obrigatoria**, de 2,5 puntos cada unha: a primeira sen apartados optativos e as tres seguintes con posibilidade de elección entre subapartados.

**PREGUNTA 1. VALORACIÓN DE EXISTENCIAS. (2,5 puntos)**

Está a traballar no departamento financeiro dunha empresa con sede en Galicia que se dedica á comercialización de café en gran. As existencias dispoñibles ao 1 de marzo son 500 quilos valorados a 10 euros/quilo. Ao longo do mes de marzo realiza as seguintes operacións: o 5 de marzo compra 700 quilos a 12 euros/quilo; o 10 de marzo vende 650 quilos por 17 euros/quilo; o 16 de marzo compra 900 quilos a 15 euros/quilo e o 30 de marzo vende 850 quilos por 20 euros/quilo.

Ten que realizar a valoración das existencias, resolvendo estes **tres apartados**:

- 1.1.** Elabore a ficha do almacén aplicando o método FIFO **(1 punto)**.
- 1.2** Elabore a ficha do almacén aplicando o método do Prezo Medio Ponderado **(1punto)**.
- 1.3** Tendo en conta a variación dos prezos, que método considera máis idóneo? Razoe a resposta. **(0,5 puntos)**.

**PREGUNTA 2. BALANCE. (2,5 puntos)**

Está a traballar nunha entidade financeira e debe analizar a viabilidade económica e financeira dunha pequena empresa que solicita un préstamo. Para iso, a empresa facilítalle a seguinte información sobre os elementos que compoñen o seu patrimonio:

Provedores: 75.000€	Bancos: 16.000€	Propiedade industrial: 35.000€
Clientes: 48.000€	Materias primas: 56.000€	Terreos: 180.000€
Reservas: 120.000€	Maquinaria: 75.000€	Efectos a pagar a longo prazo: 92.000€

Para realizar a súa análise, pídeselle que responda estes **dous apartados**:

- 2.1.** Clasifique o balance en masas patrimoniais e calcule a cifra de capital. **(1 punto)**
- 2.2.** Responda un destes dous subapartados:
  - 2.2.1.** Determine o fondo de manobra de dúas formas distintas e comente os resultados. **(1, 5 puntos)**
  - 2.2.2.** Calcule a ratio de autonomía financeira,  $A = \text{recursos propios} / (\text{pasivo corrente} + \text{pasivo non corrente})$ , e a rendibilidade financeira, tendo en conta que o beneficio neto obtido no exercicio é de 19.440€. Comente os resultados. **(1, 5 puntos)**

**Convocatoria ordinaria 2026  
EMPRESA E DESEÑO  
DE MODELOS DE NEGOCIO**

**PREGUNTA 3. EMPRESA E A SÚA CONTORNA (2,5 puntos).**

Supoña que é un analista de investimentos e está a facer un informe dunha empresa de seguros denominada SEGUROS ALFA, S.A., que nos últimos meses experimentou un forte incremento da cotización das súas accións en Bolsa. A empresa conta con 24.000 empregados, máis de 3.000 oficinas en distintos países con plans de seguir esta expansión internacional. O sector asegurador enfróntase a novos riscos como o climático, o xeopolítico e o de ciberseguridade. No ámbito tecnolóxico, a intelixencia artificial e a dixitalización está a transformar o sector asegurador. Así mesmo, a actividade está suxeita a unha estrita e cambiante regulación en materia de solvencia, protección de datos e defensa do consumidor. Neste contexto, a empresa mantivo resultados positivos e converteu os novos riscos en oportunidades, sendo pioneira en seguros de ciberseguridade. Así mesmo, realiza unha aposta polos seguros de saúde, ao detectar un aumento da preocupación por este tema, ampliando a súa oferta e adquirindo centros hospitalarios para ofrecer unha cobertura integral. Tamén ofrecen produtos adaptados a cambios normativos, como seguros de cans e de patinetes eléctricos. No aspecto tecnolóxico fixo un forte investimento para incorporar a intelixencia artificial e facilitar a contratación en liña. Para afrontar estes retos, necesita persoal altamente cualificado, polo que ofrece remuneracións atractivas e colabora con institucións educativas para a súa formación.

**3.1.** Clasifique a empresa segundo os seguintes criterios: propiedade do capital, actividade, tamaño e zona xeográfica. **(1 punto).**

**3.2.** Responda un destes dous subapartados:

**3.2.1.** Identifique a forma xurídica da empresa, definaa e sinala dúas das súas características. **(1,5 puntos).**

**3.2.2.** Explique que é o contexto empresarial xeral e específico e identifique no texto un exemplo de cada un. **(1,5 puntos).**

**PREGUNTA 4. EL MODELO DE NEGOCIO Y DE GESTIÓN (2,5 puntos).**

Está a buscar unha empresa que lle forneza café de calidade para o seu consumo diario e atópase con CAFECALIDAD, S.L., que se dedica á venda de café de especialidade, en gran e tostado, mediante un modelo de subscrición en liña. A empresa compra o café directamente a pequenas cooperativas de produtores nos países de orixe, tóstanos nas súas propias instalacións utilizando máquinas automáticas de desenvolvemento propio e envíanos directamente aos clientes finais. O proceso produtivo permite á empresa eliminar intermediarios, o que reduce nun 60% os custos e mellora o control sobre a calidade do produto. Para comercializar o café, a empresa utiliza unha plataforma en liña, desde a que os clientes poden contratar a subscrición, elixindo a variedade de café e programando as entregas. A flexibilidade do servizo e a calidade do produto son os principais elementos para atraer e manter aos clientes. A subscrición pódese cancelar en calquera momento, salvo que compren unha máquina de café automática a un prezo moi rebaixado, o que esixiría unha subscrición dun ano. Na contorna laboral, na empresa hai unha presenza paritaria de homes e mulleres nos postos directivos, garántese a promoción interna baseada en méritos, adaptáronse postos de traballos a empregados con discapacidade, os traballadores teñen flexibilidade en horarios de entrada e saída e existe a adaptación da xornada para o caso de traballadores que teñen ao seu coidado menores ou persoas dependentes.

**4.1.** Explique en que consiste a función de produción e identifique no texto un dos factores de produción e o produto desta empresa. **(1 punto)**

**4.2.** Responda un destes dous subapartados:

**4.2.1** No ámbito da función comercial defina a proposta de valor e identifique no texto a desta empresa. **(1,5 puntos)**

**4.2.2** Defina as políticas de igualdade e inclusión e identifique no texto dúas medidas adoptadas pola empresa. **(1,5 puntos)**